



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO 23.02.2021

Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».

Visto canto antecede, e considerando a necesidade de aprobar a modificación de crédito proposta, no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- CONVOCAR sesión **extraordinaria** que realizará **O CONCELLO PLENO** o vindeiro **23 de febreiro de 2021**, ás **20:00 horas**, por **medios telemáticos (videoconferencia)** ante a situación de estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, sucesivamente prorrogado. De non poderse levar a cabo a sesión en primeira convocatoria, de conformidade co establecido na normativa vixente terá lugar en segunda convocatoria corenta e oito horas despois.

Non obstante, aqueles concelleiros que non dispoñan ou non poidan realizar a videoconferencia, poderán asistir de maneira presencial acudindo ao salón de Plenos, debendo comunicar dita circunstancia a esta Alcaldía coa finalidade de garantir o desenvolvemento da sesión observando en todo momento as pertinentes medidas de seguridade e sanitarias.

Segundo.- Que pola Secretaria se cite a todos os concelleiros para a devandita sesión manifestándolles que a partir desta data teñen o seu dispor na Secretaría municipal os antecedentes e expedientes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día inserido a continuación deste Decreto. Non obstante, ante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, remitiráselles a todos os concelleiros, mediante correo electrónico, a documentación relacionada cos asuntos que figuran na orde do día.

Terceiro.- Incluír na Orde do Día da devandita sesión os seguintes asuntos:

ORDE DO DÍA

1. REX 2-2021

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





2. REX 3-2021

3. REX 4-2021

4. REX 5-2021

5. ORZAMENTO ANO 2021

6. APROBACION INICIAL CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE CEDEIRA 2021

7. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA REFORMAS DE MELLORA NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE CEDEIRA CONSISTENTES NA SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO E DO MARCADOR ELECTRÓNICO

8. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 74/2021 DE 11/02/2021 DE RENUNCIA Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA MANCOMUNIDADE PARA SERVIZO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

9. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA A LEI 4/2011 DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR

